



Artemio Formoso Barro proclámase Campión Provincial de Lugo de Compak Sporting

O pasado día 26 de abril tiña lugar no campo de tiro de Bonxe (Outeiro de Rei), o Campionato Provincial de Lugo de Compak Sporting, organizado pola Federación Galega de Caza en Lugo.

Un total de 9 tiradores participaban na proba que se disputaba a 50 pratos, sendo Artemio Formoso Barro o gañador ao derrubar un total de 43 pratos, e por tanto proclamábase Campión Provincial. Segundo clasificado era Jorge Vázquez Iglesias quen remataba a proba con 42 pratos escachados; e na terceira posición quedaba Juan José Sierra Pulpeiro, con 41 pratos.

Así pois os cinco primeitos clasificados absolutos foron:

Pos.	Tirador	Pratos
1º	Artemio Formoso Barro	43
2º	Jorge Vázquez Iglesias	42
3º	Juan José Sierra Pulpeiro	41
4º	Mario González Yañez	38
5º	Antonio González Alvarez	37